

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 DE XULLO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 13 de xullo de dous mil vinte; as nove horas e corenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez,

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Licenza de primeira ocupación

Vista a solicitude presentada por don Gutier Seijo Otero en representación de Mixtura Parajes SL de licenza de primeira ocupación de adega sita en Estrada OU- 211, Nº114 Esposende ,referencia catastral 000996000NG78E0001MX.

Visto o informe da arquitecta municipal de data 8 de xullo de 2020 no que se indica:

“ En data 9 de xuño e 7 de xullo de 2020 xiro visita a adega e comprobouse que o edificio se axusta á documentación de fin de obra. Realizouse unha modificación con respecto do proxecto presentado para a solicitude de licenza de obras., consistindo na eliminación dun tramo de forxado que separa a planta baixa da planta alta, quedando comunicadas ambas visualmente.Dita modificación non afecta ao funcionamento e ao correcto uso do edificio, polo tanto considerase compatible coas condicións da licenza.

Por todo o exposto, informo favorablemente á solicitude de licenza de primeira ocupación para adega. “

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019 e de conformidade co establecido no artigo 143 da Lei do Solo de Galicia , a xunta de goberno acorda:

-Conceder licencia de primeira ocupación á adega sita na Estrada OU-211 nº 114 Esposende, referencia catastral 000996000NG78E0001MX a Mixtura Parajes SL.

-Notificar o presente acordo ao interesado.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez en representación do grupo municipal do BNG , con rexistro de entrada no concello número 3079 de 7 de xullo de 2020, no que expón:

Recentemente unha ONG asistencial de Ourense publicou un agradecemento pola doazón de máscaras de protección fronte á pandemia no que se expresa a gratitude tanto ao Partido Popular de Ribadavia como ao concello de Ribadavia.

Solicita:

Saber se o concello de Ribadavia realizou doazón de máscaras a asociacións asistenciais de ámbito supramunicipal de Ribadavia.

A xunta de goberno acorda comunicar que o concello de Ribadavia non realizou ningunha doazón de máscaras de protección fronte a pandemia.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez en representación do grupo municipal do BNG , con rexistro de entrada no concello número 3080 de 7 de xullo de 2020, no que expón:

Os camiños de acceso as captacións e depósitos das traídas de augas de Santo André de Camporredondo son utilizados para facer o mantemento das instalacións.

E solicita:

O desbroce destes camiños públicos que se sinalan no plano adxunto.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunicar que se solventará o problema o antes posible.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez en representación do grupo municipal do BNG , con rexistro de entrada no concello número 3081 de 7 de xullo de 2020, no que expón:

Os camiños de acceso a pe á igrexa parroquial de Santo André de Camporredondo atópanse impracticables.

Case na mesma situación están os do barrio de Fondo da Vila, tal e como se sinala no plano adxunto.

Solicita:

O desbroce destes camiños públicos que se sinalan no plano adxunto.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunicar que se solventará o problema o antes posible.

Visto o escrito presentado por don Jose Barroso Alonso solicitando acometida de auga en rúa José María Martínez Vázquez . nº 1-3, 2ºB , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 3 de xullo de 2020 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por dona Marissela Mosquera Mosquera solicitando acometida de auga en rúa Irmáns Alvarez Araújo . nº 29, piso 1 , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 30 de xuño de 2020 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

COMPENSACION IMPOSTO DE CONSTRUCCIONS INSTALACIONES E OBRAS (I.C.I.O.)

Visto o escrito de **Don Julio Alen Fidalgo**, con domicilio na calle Camping nº 1, Leiro, no que solicita a compensación e abono da cantidade aboada por Don Ignacio Losada Rivas con data 11.02.2010 e 21.05.2014 (4.513,23 e 1.409,87 euros respectivamente).

Considerando que Don Ignacio Losada Rivas obtivo licencia con data 11.02.2014 para un proxecto técnico de nave industrial para taller e exposición de vehículos, nunha parcela do parque empresarial de Ribadavia, aboando nas datas anteriormente citadas as cantidades correspondentes o Imposto de Construccions Instalacións e Obras.

Que Don Julio Alen obtivo licencia por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.10.2019 para a construción dunha nave na parcela do parque empresarial, para almacen de maquinaria e materiais de canteria habendoselle liquidado en concepto de I.C.I.O. a cantidade de 4.280,97 euros.

Consta escritura de compraventa de Don Ignacio Losada Rivas a Don Julio Alen Fidalgo, no que lle vende o inmovible sito no parque empresarial para o cál habia obtivo a licencia transcrita anteriormente.

Dado que consta no expediente acordo de renuncia e cesión entre Don Julio Alen Fidalgo e Don Ignacio Losada Rivas, no relativo o importe do Imposto aboado así como o dereitos de edificación na referida parcela.

En base o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- A compensación coa cantidade aboada por Don Ignacio Losada Rivas do Imposto de Construccions, Instalacións e Obras correspondente a licencia outorgada a prol de Don Julio Alen Fidalgo con data 14.10.2019, por importe de 4.280,97 euros.

2º.- Reintegrar a Don Julio Alen Fidalgo a cantidade de 1.642,13 euros.

3º.. Notificar o presente acordo os departamento de Intervención e Tesoureria.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Acuse de recibo da Confederación Hidrográfica Miño Sil do expediente de autorización para ampliación da piscina municipal de A Veronza en zona de policia de la margen

derecha del río Avia y en zona de policía de la margen derecha del regueiro de Gaterias, no termo municipal de Ribadavia.

-Notificación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas de Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 2.7.2020 de inclusión do concello de Ribadavia da inclusión na listaxe de agarda para a concesión dunha subvención para habilitación e mellora de infraestruturas do parque empresarial ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, proxecto Mellora de Infraestruturas Viarias no interior do Parque Empresarial de Ribadavia.

Notificación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas de Resolución de Consellería de Economía, Emprego e Industria de 2.7.2020 de inclusión do concello de Ribadavia da inclusión na listaxe de agarda para a concesión dunha subvención para habilitación e mellora de infraestruturas do parque empresarial ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, proxecto Creación de puntos para xestión de residuos no Parque Empresarial de Ribadavia.

-Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense acordando a inclusión na rede provincial de espazos culturais e programación coordinada de actividades a nivel provincial para o exercicio 2020 da actuación Invención de Odaiko o 14 de agosto ás 23 horas no Auditorio do Castelo, concello de Ribadavia.

Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense acordando a inclusión na rede provincial de espazos culturais e programación coordinada de actividades a nivel provincial para o exercicio 2020 da actuación " A función ten que continuar" de Agrupación Musical da Limia o 3 de xullo ás 23 horas no concello de Ribadavia.

5.-CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

ADJUDICACIÓN DE CONTRATO

En relación al expediente de contratación en trámite de " PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO EN LAS ZONAS DE FRANCELOS Y SAN CRISTOVO, RIBADAVIA", actuación subvencionada por el ID AE , objeto de cofinanciación por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) en el marco del Programa Operativo de Crecimiento Sostenible 2014-2020 , dentro del Objetivo Temático 4- Economía Baja en Carbono.

Vista el acta de la mesa de contratación formulando propuesta de adjudicación a favor de AOPIL SL.

Considerando que con fecha de 6 de julio de 2020 la empresa Instalaciones AOPIL SL constituyó la garantía definitiva por importe de 4.862,13 euros.

La Junta de Gobierno Acuerda:

-Adjudicar el contrato de PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO EN LAS ZONAS DE FRANCELOS Y SAN CRISTOVO, RIBADAVIA”

en las condiciones fijadas en la oferta presentada a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público con fecha de 8 de junio de 2020.

-Debe instalarse , tanto durante la operación, como mantenerlo una vez terminada la misma, un cartel perfectamente visible y legible , en el que conste claramente el título del proyecto, la imagen oficial del programa y de la Unión Europea, el lema “ Una manera de hacer Europa”, así como el apoyo financiero obtenido , siguiendo las especificaciones al respecto establecido en la página web del ID AE.

-Aprobar el gasto.

-Publicar el presente acuerdo en el perfil del contratante en el plazo de quince días.

-Comunicar al contratista que la formalización del contrato se efectuará con fecha de 16 de julio de 2020 en horario de mañana, debiendo personarse un representante de la empresa con poder suficiente para proceder a la formalización del mismo.

ADJUDICACIÓN DE CONTRATO

Considerando que con fecha de de de 2020 la Mesa de Contratación acordó:

“Se procede a la apertura del sobre B de las empresas. CATOURE SL y SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SLU.

Las ofertas son

CATOURE

a) 2,07%(DOS CON CERO SIETE) DEL MONTANTE GLOBAL QUE EL SERVICIO RECAUDE EN VÍA VOLUNTARIA, MÁS EL 21% DEL CORRESPONDIENTE IVA :0,435% (CERO CON CATROCIENTOS TREINTA Y CINCO) lo que hace un total IVE incluido de 2,505% (DOS CON QUINIENTOS CINCO POR CIENTO)

b) 70%(SETENTA POR CIENTO) del montante global que el servicio recaude por recargo en vía de apremio, más los intereses de demora, más el 21% del correspondiente IVA: 14,70% (CATORCE CON SETENTA POR CIENTO) lo que hace un total IVA incluido de 84,70% (OCHENTA Y CUATRO CON SETENTA POR CIENTO).

SERVICIO DE COLABORACIÓN INTEGRAL SLU

a) 2,29 %- **DOS CON VEINTINUEVE POR CIENTO, IVA excluido** , del montante global que el servicio recaude en vía voluntaria (lo que equivale al 2,77% total y su desglose el 2,29% más el 0,48% de IVA)

b) 20% - **Veinte por ciento , IVA excluido** , del montante global que el servicio recaude en vía de apremio (lo que equivale al 24,20% total y su desglose el 20,00% más el 4,20 de IVA).

PUNTUACIÓN DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA

CATOURE

A) VÍA VOLUNTARIA

2,07%, 143 centésimas de diferencia con el tipo máximo , 0,21 por centésima, límite máximo 30 puntos. 30 PUNTOS

B) VÍA DE APREMIO .

0 PUNTOS.

TOTAL 30 PUNTOS

SERVICIO DE COLABORACIÓN INTEGRAL SLU

A) VÍA VOLUNTARIA

2,29%, 121 centésimas de diferencia con el tipo máximo , 0,21 por centésima. 25,41 PUNTOS

B) VÍA DE APREMIO .

285%, máximo 10 puntos. 10 PUNTOS.

TOTAL 35,41 PUNTOS

PUNTUACIÓN TOTAL

CATOURE

Documentación cuantificable mediante juicio de valor 59,58

Documentación cuantificable de forma automática 30.

Total 89,58.

SERVICIO DE COLABORACIÓN INTEGRAL SLU

Documentación cuantificable mediante juicio de valor 53,7

Documentación cuantificable de forma automática 35,41.

Total 89,11.

Se formula propuesta de adjudicación a favor de Catoure SLU.”

De conformidad con lo previsto en la Cláusula Decimo séptima y Décimo Octava se requiere a Catoure SL para que en el plazo de diez días hábiles constituya la garantía definitiva por importe de 2.765

Considerando que se constituyó la garantía y se acreditó en el plazo concedido.

Visto el artículo 159.4 de la Ley 9/2017 de contratos del sector público y la Cláusula 18ª del pliego de cláusulas administrativas particulares que rigen la contratación.

La Junta de Gobierno Local acuerda:

1º Adjudicar el CONTRATO DE SERVICIO DE COLABORACIÓN CON LA RECAUDACIÓN MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA a CATOURE SL.

2º Publicar anuncio de adjudicación en el perfil del contratante en plazo de quince días.

3º Notificar la presente adjudicación a CATOURE SL y citarle para la firma del contrato que tendrá lugar el día 20 de julio en horario de mañana.

4º Notificar el presente acuerdo a los demás licitadores presentados.

PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Vista a Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (DOG núm 128 de 30 de xuño de 2020).

A xunta de goberno , por unanimidade , acorda:

Solicitar a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2011 para ó Área de rehabilitación do casco antigo de San Cristovo, Ribadavia, declarada o 9 de xullo de 2020.

Manifestar o compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións .logo da sinatura do correspondente acordo específico.

PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021.

Vista a Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (DOG núm 128 de 30 de xuño de 2020).

A xunta de goberno , por unanimidade , acorda:

Solicitar a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2011 para ó Área de rehabilitación do casco histórico de ,Ribadavia,

Manifestar o compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións .logo da sinatura do correspondente acordo específico.

APROBACIÓN DE FACTURA

A xunta de goberno por unanimidade aproba a factura emitida por Hormigones Barbadas S.L. , nº 253, de data 31/03/2020 , por importe total de 8.385,30 euros, base impositiva 6.930, Imposto sobre o valor engadido 1.455,30 euros en concepto de subministro de formigón para obra de beirarúas da estrada de Francelos.

PLAN DE CONTINXENCIA DE ACTIVIDADE POST COVID 19 DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA.

A xunta de goberno por unanimidade acorda aprobar o Plan de Continxencia de actividade post covid 19 da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

XERACION DE CREDITOS Nº 6/2020

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº6/2020, por importe de 5.500 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2020.-

Dase conta da proposta de Dona Yolanda Gómez Gómez como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan co teor que consta nos mesmos e coa aprobación do gasto que se describe: ELEFANTE ELEGANTE, o día 17 de xullo; KIRENIA DANZA, o día 17 de xullo; PALIDO DOMINGO, o día 18 de xullo; UNDODEZ, OQUETEÑO MEDIA E AINE UTE, o día 18 de xullo; IRENE DE PAZ, o día 18 de xullo; CELSO SANTAMARÍA, JOSE LUIS GUTIERREZ E QUICO CADAVAL, o día 19 de xullo; TEATRO EN VILO, o día 20 de xullo; CULTURACTIVA, o día 20 de xullo; REBORDELOS, o día 21 de xullo; XAMPATITO PATO, o día 21 e 22 de xullo; IBUPROFENO TEATRO, o día 22 de xullo; NOVA GALEGA DE DANZA, o día 23 de xullo; PAULA CARBALLEIRA, o día 23 de xullo; NICANOR DE ELIA, o día 24 de xullo; AZKONA&TOLOZA, o día 24 de xullo; LA ABDUCCION E BUXMAN PRODUCCIONES, o día 25 de xullo; LA MACANA, o día 25 de xullo; CONDETRESPES S.L., o 26 de xullo; VOLE TEMPS, o 26 de xullo; BUXMAN PRODUCCIONES S.L., o 26 de xullo”.

Autorización uso espazo deportivo

Vista a solicitude presentada por don José Míguez Sales en representación de Ribadavia Atl con rexistro de entrada 2928 de 1 de xullo de 2020, solicita novo sintético do

Complejo deportivo O Xestal para desenvolver actividade Campus Fútbol –11/ Fútbol –8 do 3 ao 7 de agosto 2020.

A xunta de goberno acorda conceder o espazo deportivo solicitado debendo os organizadores (Ribadavia atlético) garantir os seguintes derivados da crise sanitaria Covid 19 :

Resolución do 12 de xuño de 2020 da secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade (DOGA 13 xuño 2020): artigos 3.20.3.21 e 3.22.

Resolución do 15 de xuño de 2020 da secretaría xeral para o deporte (DOGA 19 xuño 2020)

Resolución do 25 de xuño de 2020 da secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade (DOGA 27 de xuño de 2020)

Protocolo de autocontrol do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ribadavia , aprobado no Consello Reitor celebrado o 6 de xullo de 2020.

De facerse público antes da data de celebración do evento, o protocolo Fisicovid –Dt Galego da Federación Galega de Fútbol , según se recolle na disposición segunda da Resolución do 15 de xuño de 2020.

Prestando especial observancia aos seguintes aspectos:

A actividade debera desenvolverse sen uso de vestiarios para deportistas, podendo facer uso dos lavabos públicos

No lavado público estará sinalizado o aforo dos mesmos garantindo no interior a distancia de seguridade.

Espazo deportivo: grupos de máximo 25 deportistas incluídos adestradores (staff técnico)

Uso da bancada : público asistente deberá permanecer sentado cun máximo do 75% do aforo gardando distancia de seguridade de 1,5 metros.

Control do acceso a instalación : deberá establecerse acceso de entrada independente ao de saída, perfectamente sinalizado nos que debería situarse hidroxelos desinfectantes a dispor dos usuarios.

De existir pública concurrencia de usuarios deportistas e usuarios espectadores e recomendable establecerse o acceso independente en distintos horarios e garantir a distancia de seguridade.

Asemade a entidade Ribadavia Atlético deberá cumprir o estipulado no Regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais (BOP do 18 de abril do 2018).

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.

